

INFORMACIÓN RELATIVA A PRESUNCIÓN DE NACIONALIDADE

O día da cita deberán comparecer os dous proxenitores, sen que sexa necesaria a presenza do menor. A documentación que deben aportar é a solicitude debidamente cuberta e asinada polos dous e a documentación que figura ao seu final.

DEBERÁN ACUDIR CO SEU PASAPORTE/NIE

REQUISITOS PARA PEDIR A PRESUNCIÓN DE NACIONALIDADE

Art. 17 C. do Código Civil: Son españois de orixe:

c) Os nados en España de pais estranxeiros se ambos carecesen de nacionalidade ou se a lexislación de ningún deles atribúe ao fillo unha nacionalidade.

Poden pedir a nacionalidade con valor de simple presunción os/as nenos/as nados en España cando os proxenitores sexan das seguintes nacionalidades:

- Arxentina, Bolivia, Brasil, Cabo Verde, Colombia, Costa Rica, Cuba, Guinea Bissau, Panamá, Paraguay, Perú, Portugal, Santo Tomé e Príncipe, Uruguay.

Ambos proxenitores deben ser destes países, xa sexa do mesmo país ou combinados entre sí.

Casos especiais:

- Ecuador: teñen valor os nados antes do 20 de outubro de 2008 (os nados o mesmo día, xa non o teñen)
- Marrocos: só teñen valor en caso de nai marroquí e pai dos países anteriores.
- Palestina: require consulta da lei